

## Protocolo de prevención Covid-19 – Mañás de verán e de xogo, mes de xullo nos centros socioculturais- Vive o Verán 2021

### 1. Para o mantemento das instalacións

#### \***Capacidade do local:**

-Expoñerase na entrada do local a capacidade máxima do mesmo, incluíndo os traballadores, e cumprindo có distanciamento social establecido polas autoridades sanitarias.

-A capacidade máxima, ao aire libre, será do 50% da asistencia máxima habitual, cun máximo de 50 participantes, non incluíndo os monitores. Nos espazos cerrados, non se deberá superar o 50% da capacidade máxima do recinto, cun máximo de 25 participantes, non incluíndo os monitores.

#### \***Materiais e produtos de limpeza:**

-Luvas de látex ou nitrilo.

-Máscaras obrigatoria en todo momento.

-Líquidos desinfectantes e viricidas autorizados polo Ministerio de Sanidade.

-Xabón.

-Papeleiras para depositar panos e calquera outro material de refugallo. Estas papeleiras deberán ser limpas de forma frecuente e polo menos una vez ó día.

-Dispensador de xabón nos baños.

-Dispensador de papel nos baños ou seca mans.

#### \***Uso obrigatorio de máscara:**

O uso da máscara é obrigatorio en todo momento, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal para todas as persoas participantes nas actividades dos CSC.

#### \***Protocolo de actuación**

- Realizarase unha limpeza e ventilación diaria que garanta a renovación do aire nos espazos interiores entre actividades.

- Utilizaranse produtos de limpeza recomendados polas autoridades sanitarias con actividade viricida ou desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recién preparada.

-Logo de realizar a limpeza deberase efectuar hixiene de mans, desfacerse das luvas e máscara nun colector destinado exclusivamente a iso.

**\* Limpeza de espazos comúns dos centros socioculturais**

-Situaranse os dispensadores de xel desinfectante.

-A limpeza será diaria e levarase o correspondente rexistro.

-Aumentarase a frecuencia de ventilación diaria o tempo necesario para que haxa unha renovación de aire( entre media hora e dúas cando sexa posible)

-Desinfección diaria de superficies facendo fincapé nas zonas comúns como en pomos, varandas, pasamáns, mesas, cadeiras, chan, teléfonos e outros elementos de similares características.

-Non se permitirá o uso libre das fontes de auga polos participantes nin no interior nin no exterior. Os/as monitores/as encargaranse do enchido de botellas ou cantimploras, en caso dos menores, seguindo as medidas de hixiene e desinfección indicadas.

**\* Limpeza e desinfección de aseos**

-Dispensadores xabón.

-Aumentarase a vixilancia e limpeza dos inodoros en zonas comúns da actividade.

- Disporase de follas de rexistro das limpeza realizadas.

**\* Materiais das actividades**

-Desinfectarase o material antes e despois do seu uso segundo indica o protocolo.

-Evitaranse materiais acuosos.

-Cada monitor disporá dun kit de material de papelería persoal que terá nun espazo concreto e non poderá compartir en ningún momento nin cos seus compañeiros nin cos participantes.

-No caso de desenvólverense actividades de traballos manuais, cada participante disporá dun kit persoal cos elementos necesarios e de uso exclusivo.

## **2. Participantes e equipo responsable (coordinación, monitores e monitoras)**

Como norma común e punto de partida, seguiranse as recomendacións de boas prácticas do Ministerio de Sanidade á hora de evitar contaxios entre os participantes, aplicando unhas normas extraordinarias de hixiene diaria e de convivencia nos centros socioculturais e no exterior dos mesmos adaptadas á nosa actividade de verán.

### **\*Normas de hixiene diaria:**

- Habilitaranse accesos diferenciados de entrada e saída aos centros e no caso de coincidir varios grupos de usuarios nun mesmo horario, os accesos serán de xeito graduado.
- Na recepción dos participantes establecerase unha zona de desinfección de mans.
- Para entregar e recoller aos participantes só poderá entrar no recinto unha persoa por familia e o uso da máscara será obrigatorio. As familias deberán deixar ao neno/a participante na actividade na zona de entrada habilitada, non estando permitido que pasen a outros espazos de actividades.
- Desinfección de mans á entrada e saída da actividade.
- Está prohibido compartir cantimplora ou botella, mochila, comida, etc.
- A ocupación máxima dos aseos será de unha persoa para espazos de ata catro metros cadrados. Nos aseos de mais de catro metros cadrados que contén con mais dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia.
- Realizarase unha formación previa ao comezo da actividade a todo o persoal de traballo implicado nas actividades, para que leven a cabo de forma eficaz todos os protocolos existentes.
- Iniciarase cada actividade cunha charla informativa por parte dos monitores aos menores e participantes nas actividades de Vive o Verán, indicando as medidas e o seu cumprimento, facendo fincapé na responsabilidade individual e nas normas de hixiene e convivencia.
- Toda persoa que participe das actividades deberá asinar unha declaración responsable (Anexo II), onde declaren que son conscientes dos riscos que implica a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que asumen baixo a súa propia responsabilidade. Ademais que cumpren cos requisitos de admisión e condicións de participación, non sendo grupo de risco. Coñecendo e aceptando os compromisos de medidas persoais de hixiene e prevención obrigatorias.
- A persoa participante garante que, durante os 14 días previos ao comezo da actividade, non tivo contacto con ningún caso positivo por Covid nin presentou sintomatoloxía asociada (tose, febre, cansazo ou falta de aire).

### 3. Actividades

*As actividades deberán realizarse en grupos de ata 25 persoas participantes, mais os monitores correspondentes.*

-As actividades desenvolveranse prioritariamente no exterior dos centros, cando se realicen no interior os espazos estarán diferenciados para cada grupo, de existir actividades simultáneas, agás as desenvolvidas nas aulas de novas tecnoloxías, onde o grupo máximo de participantes será de 4 e coas medidas de distanciamento necesarias( mínimo 1.5m, se é posible 2m).

### 4. Recomendacións previas ás familias e participantes

\* Para participar do programa de actividades é obrigatorio asinar a casilla do anexo II de declaración de compromiso de cumprir coas normativas do protocolo covid-19.

**\*Disporase dun listado diario de participantes nas actividades en cada centro.**

\*Todos os participantes serán informados deste protocolo antes do inicio da actividade, que será público e accesible a través da páxina web municipal.

\* Unha vez finalice a participación na actividade, as familias dos participantes, si se dera o caso, deberán comunicar ao Concello si se dá positivo durante os 14 días posteriores á súa participación.(Chamarán ao teléfono 659719740)

### 5. Protocolo de actuación diante de aparición de síntomas e confirmación de contaxio

\*Diante da aparición de síntomas durante o desenvolvemento dunha actividade, o participante deberá interromper dita actividade informando ao monitor, así como a manter a distancia e medidas de seguridade establecidas previamente(importante: levar ao participante, con síntomas, a unha sala aparte e colocarlle unha mascara, así como o monitor deberá de poñerse unha máscara de protección mínimo coa protección FPP2). Trala notificación de síntomas, o coordinador/a deberá contactar coa familia para que sexan conscientes da situación, así como aos servizos sanitarios para tomar as medidas oportunas.

\* Ante un COVID-19 seguiranse en todo momento as recomendacións dos servizos sanitarios, e actuarase de forma coordinada cos mesmos.

\* Notificarase ás familias dos participantes ou no seu caso, aos adultos participantes, da existencia dun positivo no transcurso das actividades. Seguindo as instrucións das autoridades sanitarias, poderase decretar a cancelación da actividade e o peche temporal do centro para a súa desinfección.

## **6. Distintivos e sinalización informativa**

\*Colocaranse carteis informativos coa normativa de hixiene nos espazos comúns e toda a sinalización necesaria (capacidade do local, distanciamento social, uso obrigatorio de máscara, etc.) para a claridade no acceso, permanencia e participación nas actividades nos centros.